

PRIMEIRA ADDENDA DO PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

O 26 de novembro de 2024 foi aprobado o Plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Consellería de Economía e Industria.

Pois ben, de acordo coas propostas de Xesgalicia, Sociedade Xestora de Entidades de Inversión de Tipo Cerrado, S.A (XESGALICIA) e Sodiga Galicia, Sociedade de Capital-Risco S.A. (SODIGA) do 23 de xullo de 2025, da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial do 10 de decembro de 2025, e da sociedade Xestión do Solo de Galicia-XESTUR S.A do 10 de decembro de 2025, resulta procedente aprobar os plans específicos de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da devandita dirección xeral e das ditas entidades. Así mesmo, procede incorporar o documento de *compliance* da sociedade Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. (TECNÓPOLE), segundo a proposta do 12 de xuño de 2025.

Con esta addenda o plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude desta consellería queda conformado polos plans específicos que se indican a continuación:

CENTRO DIRECTIVO/ENTIDADE	PROPOSTA DE APROBACIÓN/INCORPORACIÓN
Secretaría Xeral Técnica	07/11/2024
Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético	05/09/2024
Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial	10/12/2025
Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas	19/11/2024
Instituto Galego de Promoción Económica – IGAPE	24/09/2024
Axencia Instituto Enerxético de Galicia - INEGA	14/03/2024
Axencia Galega da Industria Forestal -	07/02/2024



XERA	
Xesgalicia, Sociedade Xestora de Entidades de Inversión de Tipo Cerrado, S.A (XESGALICIA) e Sodiga Galicia, Sociedade de Capital-Risco S.A. (SODIGA)	23/07/2025
Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. (TECNÓPOLE)	12/06/2025
Xestión do Solo de Galicia – XESTUR, S.A.	10/12/2025

De acordo con todo o anterior e, en virtude das competencias que me atribúe a Lei 1/1983, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia do 19 de maio de 2023,

APROBO

A primeira addenda do plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Consellería de Economía e Industria, aprobado o 26 de novembro de 2024, que se insire a continuación.

A conselleira de Economía e Industria

María Jesús Lorenzana Somoza

(asinado dixitalmente á marxe deste documento)





PRIMEIRA ADDENDA DO PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	1
2. CARACTERIZACIÓN DA CONSELLERÍA.....	1
3. RESPONSABLE DE INTEGRIDADE E PREVENCIÓN DE RISCOS.....	2
3.1 A CONSELLERÍA.....	2
3.2 RESPONSABLE DE INTEGRIDADE E PREVENCIÓN DE RISCOS.....	2
4. ANEXOS.....	4
4.1 PLAN ESPECÍFICO DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA.....	4
4.2 PLAN ESPECÍFICO DA SECRETARÍA XERAL DE INDUSTRIA E DESENVOLVEMENTO ENERXÉTICO.....	4
4.3 PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE ESTRATEXIA INDUSTRIAL E SOLO EMPRESARIAL.....	4
4.4 PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA E MINAS.....	4
4.5 PLAN ESPECÍFICO DO INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA....	4
4.6 PLAN ESPECÍFICO DA AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA.....	4
4.7 PLAN ESPECÍFICO DA AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL.....	4
4.8 PLAN ESPECÍFICO DE XESGALICIA, SOCIEDAD XESTORA DE ENTIDADES DE INVERSIÓN DE TIPO CERRADO, S.A (XESGALICIA) e SODIGA GALICIA, SOCIEDADE DE CAPITAL-RISCO, S.A (SODIGA).....	4
4.9 DOCUMENTO DE <i>COMPLIANCE</i> DE PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA, S.A (TECNÓPOLE).....	4
4.10 PLAN ESPECÍFICO DA SOCIEDADE PÚBLICA XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA- XESTUR, S.A.....	5



1. INTRODUCCIÓN

O 19 de maio de 2023 o Consello da Xunta de Galicia aprobou o Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Xunta de Galicia, que substitúe ao anterior plan xeral do 10 de decembro de 2021 e que se enmarca dentro da infraestrutura ética configurada no Programa Marco de Integridade Institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024 e nos principios xerais de funcionamento establecidos na normativa autonómica.

O Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude (PXMA) prevé que as persoas titulares das consellerías da Xunta de Galicia aproben os seus propios plans, que estarán integrados polos dos seus centros directivos e das entidades instrumentais do sector público autonómico adscritas a elas.

De conformidade con estas previsións, o 26 de novembro de 2024 a Consellería de Economía e Industria aprobou o seu Plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude.

O presente documento inclúe o plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, de Xesgalicia, Sociedade Xestora de Entidades de Inversión de Tipo Cerrado, S.A (XESGALICIA) e Sodiga Galicia, Sociedade de Capital-Risco S.A. (SODIGA), e de Xestión do Solo de Galicia – XESTUR, S.A, así como o documento de *compliance* da sociedade Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. (TECNÓPOLE), que se incorporan como anexo a esta addenda.



2. CARACTERIZACIÓN DA CONSELLERÍA

Norma reguladora

Decreto 140/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria (en diante, Decreto 140/2024, do 20 de maio).

Competencias

Segundo o artigo 1 do Decreto 140/2024, do 20 de maio, a Consellería de Economía e Industria é o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal, ademais daquelas competencias e funcións establecidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, lle corresponde, de conformidade co Estatuto de autonomía e coa Constitución, o exercicio de funcións en materia de:

- a) Promoción e dinamización da economía, o impulso e a coordinación da política económica e industrial, así como a revisión da regulación con incidencia na economía.
- b) Apoio xeral ao sector empresarial, fomentando a mellora da competitividade das empresas, incidindo no desenvolvemento tecnolóxico e na innovación, na transformación dixital, na sustentabilidade e na internacionalización.
- c) Promoción e fomento do crecemento e consolidación das empresas, así como o apoio á creación, crecemento e consolidación das emerxentes innovadoras –startup–.
- d) Coordinación, planificación, deseño e posta en marcha dos mecanismos públicos autonómicos de financiamento empresarial e industrial.
- e) Impulso e promoción das industrias forestais.
- f) Promoción industrial, solo empresarial, asesoramento e información na materia de propiedade industrial, administración e seguridade industrial, metroloxía e metais preciosos.
- g) Planificación enerxética, recursos minerais e augas minerais e termais.

Estrutura

O artigo 2 do Decreto establece que, para o exercicio das súas funcións, esta Consellería se estrutura nos seguintes órganos superiores e de dirección:

1. Persoa titular da Consellería.
2. Secretaría Xeral Técnica.



3. Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético.
 - 3.1. Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial.
 - 3.2. Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas.
4. Departamentos territoriais.

No artigo 3 adscribíense a esta consellería as seguintes entidades:

- a) O ente de dereito público Instituto Galego de Promoción Económica.
- b) A axencia Instituto Enerxético de Galicia.

A disposición adicional décima do Decreto sinala que queda adscrita a esta consellería a Axencia Galega da Industria Forestal, de conformidade co establecido na disposición adicional sexta do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

A disposición adicional sétima do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia indica que a Consellería de Economía e Industria asumirá a tutela funcional da sociedade pública Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A.

3. RESPONSABLE DE INTEGRIDADE E PREVENCIÓN DE RISCOS

Sen prexuízo das funcións e responsabilidades previstas no PXMA respecto da Comisión Interdepartamental de Coordinación e Supervisión da Integridade e de prevención de riscos de xestión, e demais órganos transversais, concrétnanse neste plan as previsións aplicables a cada centro directivo e entidade desta Consellería.

3.1 A CONSELLERÍA

O compromiso desta Consellería asúmese mediante a aprobación, por parte da persoa titular respectiva, deste plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude que agrupa todos os plans específicos dos diferentes centros directivos que forman parte da súa estrutura e os das entidades adscritas a ela.

Ademais, tal compromiso implica, entre outras, a responsabilidade de divulgar entre o persoal da consellería os riscos identificados e os mecanismos de detección previstos para que se involucre nun ecosistema de control e execución das medidas programadas.

3.2 RESPONSABLE DE INTEGRIDADE E PREVENCIÓN DE RISCOS

O PMXA prevé que os órganos ou as unidades responsables de integridade e prevención de riscos previstas no Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024 para as consellerías



e as entidades velarán polo cumprimento das medidas incluídas neste plan, actuarán como interlocutores cos órganos transversais na materia e informarán directamente ao órgano superior das eventuais incidencias que poidan acontecer en relación coa súa aplicación.

Así mesmo, cada centro directivo poderá designar no seu plan específico unha persoa de apoio aos responsables de integridade e prevención de riscos da consellería, no seu ámbito concreto de actuación.

De acordo co indicado no PXMA, dada a complexidade da estrutura organizativa e o número de entidades adscritas a esta consellería, considérase conveniente constituír un comité de integridade que asuma as funcións establecidas para os responsables de integridade e prevención de riscos e adicionalmente actúe como órgano de coordinación e consulta respecto das actuacións e medidas do plan da consellería.

Así, neste plan procédese a designar as persoas integrantes do comité de integridade desta Consellería:

- ✓ A persoa titular da Subdirección Xeral de Coordinación Económica, a proposta da Secretaría Xeral Técnica.
- ✓ A persoa titular da Subdirección Xeral de Proxectos, a proposta da Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético.
- ✓ A persoa titular da Subdirección Xeral de Promoción Industrial e Solo Empresarial, a proposta da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial.
- ✓ A persoa titular da Subdirección Xeral de Enerxía e Planificación de Recursos, a proposta da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas.
- ✓ A persoa titular da Subdirección de Recursos Humanos e Xestión Administrativa, a proposta do Instituto Galego de Promoción Económica.
- ✓ A persoa titular da Xerencia, a proposta da Axencia Instituto Enerxético de Galicia.
- ✓ A persoa titular da Xefatura do Departamento de Xestión Administrativa, a proposta da Axencia Galega da Industria Forestal.
- ✓ A persoa titular da Dirección Xeral de Xesgalicia, Sociedade Xestora de Entidades de Inversión de Tipo Cerrado, S.A.
- ✓ A persoa titular da Xerencia, a proposta da sociedade pública Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A.

A este comité correspóndenlle as seguintes funcións:



- Supervisar e avaliar o funcionamento regular e a correcta aplicación das medidas de prevención, detección e corrección en relación cos riscos asumidos, ademais de detectar as vulnerabilidades e propoñer as accións de mellora.
- Asesorar a correcta aplicación dos procedementos de xestión de conflitos de intereses , en particular, aos órganos responsables de resolver os procedementos de abstención e recusación.
- Velar pola existencia de documentación soporte dos controis internos realizados, da avaliación dos riscos e do seguimento da implantación das medidas correctoras en materia antifraude, así como do procedemento realizado para a corrección e persecución dos casos nos que se detecten condutas contrarias ao sistema de integridade.
- Velar por que o persoal dispoña dos coñecementos e reciba a información necesaria para poder levar a cabo as accións que procedan en relación cos riscos de fraude, corrupción, conflitos de intereses e dobre financiamento.

As modificacións ou os novos nomeamentos posteriores á aprobación deste plan serán efectuados pola secretaría xeral técnica da consellería.

4. ANEXOS

4.1 PLAN ESPECÍFICO DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

4.2 PLAN ESPECÍFICO DA SECRETARÍA XERAL DE INDUSTRIA E DESENVOLVEMENTO ENERXÉTICO

4.3 PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE ESTRATEXIA INDUSTRIAL E SOLO EMPRESARIAL

4.4 PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA E MINAS

4.5 PLAN ESPECÍFICO DO INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

4.6 PLAN ESPECÍFICO DA AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

4.7 PLAN ESPECÍFICO DA AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL

4.8 PLAN ESPECÍFICO DE XESGALICIA, SOCIEDAD XESTORA DE ENTIDADES DE INVERSIÓN DE TIPO CERRADO, S.A (XESGALICIA) e SODIGA GALICIA, SOCIEDADE DE CAPITAL-RISCO, S.A (SODIGA)

4.9 DOCUMENTO DE COMPLIANCE DE PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA, S.A (TECNÓPOLE)



4.10 PLAN ESPECÍFICO DA SOCIEDADE PÚBLICA XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR, S.A.

